



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Anuncio aprobación padrón prezo público polos servizos de actividades da escola de música segundo trimestre curso 2025/2026

Mediante resolución de alcaldía de data 6 de xullo de 2026 apróbase o padrón do segundo trimestre da escola de música curso 2025/2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, **dende o 10 de xullo de 2026 ao 11 de setembro de 2026.**

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e debeñaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Brión, 6 de xullo de 2026

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín

2026/4551